

Casa de Asociacións de Servizos Sociais.

Que é a Casa de Asociacións de Servizos Sociais?

É un **edificio que acollerá ONLs de acción social de Santiago de Compostela**, é dicir, Organizacións Non Lucrativas relacionadas coas áreas de actuación dos Servizos Sociais Municipais. Con este edificio, as ONLs de acción social da cidade contarán cun equipamento básico para a posta en marcha de proxectos de intervención social e o desenvolvemento das súas actividades.

Ademais dun equipamento, a Casa será un xeito de abordar a satisfacción das necesidades sociais da cidadanía de Compostela, xa que desenvolverá un **modelo de cooperación interasociativa** que permitirá que as ONLs de acción social da cidade traballen con maior eficacia e eficiencia.

Quen a vai usar?

As usuarias da Casa serán **ONLs de acción social presentes na cidade** e que prestan servizos a cidadáns de Compostela. Estas organizacións colaboran coa Concellaría de Benestar Social e poden ter distintas formas xurídicas: asociacións, fundacións, federacións...

O que as une e o seu ámbito de actuación, que é o das competencias do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

Por qué facer unha Casa de Asociacións de Servizos Sociais?

As entidades de iniciativa social que colaboran co Departamento de Servizos Sociais, e aquelas que contribúen á mellora da calidade de vida dos cidadáns de Santiago de Compostela a través da súa acción social, deben contar cun **centro de referencia** que aglutine iniciativas, coordine esforzos e esperte e alimente sinerxías positivas.

Cómpre estimular a creación e fortalecemento do tecido de acción social que presta servizos no ámbito municipal, e para elo é necesaria unha ferramenta de referencia que xere dinamismo asociativo e participación social mediante a **prestación de servizos as organizacións**.

A Casa quere constituírse nesa referencia, nesa ferramenta, nese axente dinamizador prestador de servizos ás ONLs de acción social que potencie a **participación social da cidadanía** na cobertura das súas necesidades e que promova unha **democracia responsable**.

A Casa de Asociacións de Servizos Sociais fixará as bases de construción deste modelo de cooperación interasociativa que a cidade precisa no eido da acción social.

Cales son os seus obxectivos?

Os obxectivos máis importantes que pretende acadar a Casa son:

1. Estimular a **constitución de ONLs locais e potenciar as xa existentes** co apoio a súa agrupación e cooperación interasociativa.
2. **Dotar as ONLs de equipamentos e soportes técnicos ou funcionais** que lles permitan desenvolver a súa misión e levar a termo as súas actividades con eficacia e eficiencia.

3. **Elaborar e poñer en marcha programas de intervención integrais e transversais** en todas as áreas de competencia dos Servizos Sociais mediante o impulso de programas conxuntos nos que se promova a coordinación permanente e a rentabilización dos recursos existentes.
4. Promover a cooperación interasociativa para **acadar cambios sociais que permitan un exercicio pleno dos dereitos das persoas e unha mellora da calidade de vida** dos asociados ou beneficiarios da acción social das ONLs.
5. **Sensibilizar á poboación en xeral** para propiciar unha cidade que integre aos colectivos en risco de exclusión e aumente o benestar social de toda a cidadanía.
6. **Fortalecer a rede de participación cidadá** co liderato do Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Benestar Social.

Como se fará o modelo de intercooperación asociativa?

Os principais actores do proceso da posta en marcha do modelo son a Concellaría de Benestar Social e as ONLs de acción social da cidade.

Na acción social se traballa con distintos colectivos: maiores, nenos e nenas, persoas en risco de exclusión social, persoas en situación de discapacidade...; con distintos enfoques: sensibilización social, prevención, intervención sociosanitaria...; e con distintos axentes: persoal contratado, persoas voluntarias...

As ONLs prestan numerosos e distintos servizos aos seus usuarios e usuarias e a toda a cidadanía: información, asesoramento, atención especializada, atención terapéutica, intervención, atención residencial, sensibilización...

Para desenvolver un modelo de intercooperación asociativa é precisa unha metodoloxía participativa. Todos os actores terán a oportunidade de enriquecer o proxecto que oriente a Concellaría de Benestar Social e que ten previstas as seguintes liñas de actuación:

1. Análise de realidade do tecido asociativo de acción social do Concello de Santiago de Compostela.
2. Formulación do proxecto "Casa de Asociacións de Servizos Sociais".
3. Presentación do proxecto "Casa de Asociacións de Servizos Sociais".
4. Elaboración do réxime de regulamento interno da Casa.

Como será o edificio da Casa de Asociacións de Servizos Sociais?

A Casa estase a construír en Salgueiriños e a superficie útil total do edificio será de 1118.98 m². Foi deseñado seguindo criterios de funcionalidade, accesibilidade e integración no entorno. Tamén prevé o uso da enerxía solar.

O edificio terá 3 niveis e se organizará en dúas alas.

No nivel 0, no que está o acceso principal ao edificio, hai unha recepción que separa as dúas alas. Na ala da dereita, as entidades usuarias terán a disposición unha sala de uso polivalente con capacidade para 178 persoas. Na da esquerda, hai un ximnasio, despacho médico, salas de terapia e vestiarios, nos que se sitúa unha sauna finlandesa.

No nivel 1, no ala dereita, hai unha aula de formación e cinco despachos. Na esquerda, ubícase a biblioteca.

Nos niveis 2 e 3 soamente hai ala dereita, e ten, en cada nivel, unha aula de formación e cinco despachos.

